

## PREGUNTA ORAL SOBRE OS PASOS DADOS POLO GOBERNO EN RELACIÓN CO ACORDO UNÁNIME PARA INCORPORAR A REDE DE ABASTECIMENTO NA VARIANTE DE ARADAS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Pronto se cumprirán dous anos desde que o conxunto da Corporación, de forma unánime e conforme á demanda da veciñanza, acordou que o Goberno municipal redactara o proxecto de mellora da rede de abastecemento para a zona noroeste do núcleo urbano e que instara á Xunta de Galicia, coa máxima urxencia, para que na execución do proxecto da variante de Aradas se garantira a previsión necesaria para incluír a rede de abastecemento pola marxe desta nova vía e que a Administración autonómica colaborara economicamente na consecución desta mellora.

O citado acordo unánime acadouse cando a Xunta de Galicia aínda non tiña adxudicado a obra da variante de Aradas, motivo polo que se incluía unha mención expresa á "máxima urxencia", co fin de que o Concello axilizara as xestións ante o Goberno galego para que este tivera en conta esta solicitude e se articularan os medios necesarios para unha actuación coordinada, que permitira resolver unha carencia básica da cidadanía co menor custo e coa maior eficacia e eficiencia no emprego de recursos públicos.

Recentemente, fontes da Xunta de Galicia deron a coñecer que os traballos da variante de Aradas se atopan moi adiantados, razón pola que confían en poñer en servizo esta infraestrutura ao longo do actual mes de xaneiro. Á vista desta situación, fórmulase a seguinte pregunta:

***Que pasos ten dado o Goberno local para avanzar no acordo unánime de febreiro de 2017 en relación coa redacción do proxecto de mellora da rede de abastecemento para a zona noroeste do núcleo urbano e a negociación coa Xunta de Galicia para a instalación desta rede pola marxe da nova variante de Aradas e o posible cofinanciamento deste proxecto pola Administración autonómica?***

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Popular